

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL, VALORACIÓN DE MÉRITOS  
ACREDITADOS E ACORDOS QUE PROCEDAN PARA O ADECUADO  
DESENVOLVEMENTO DO PROCESO**

Lugar: Salón de sesións da Casa do Concello

Data: 02/12/2021.

Hora de inicio: 10:00

Hora de finalización: 13.00

**Asistentes:**

Presidenta: Gloria Trigo Mayor

Secretario: Celestino Amigo Liñares

Vogais: Ana Belén Mera Arias e Carmen Lage Fernández.

Non asiste Darío Ferreiro Otero, quen escusou a súa ausencia.

Reunidos os integrantes do Tribunal, nomeados por resolucións da Alcaldesa de Monterroso do 02.12.2021 para selección de persoal para o desempeño do posto de Arquitecto mediante concurso, comprobada a existencia de quórum e o cumprimento dos demais requisitos legalmente esixidos para a válida celebración do acto, aproban por unanimidade os seguintes

**ACORDOS**

**1. Constitución do Tribunal**

**PRIMEIRO.** Declarar a formal constitución do Tribunal como órgano selectivo do proceso selectivo para o desempeño do posto de Arquitecto do Concello de Monterroso, conforme á convocatoria publicada no BOP de Lugo do 9 de xuño de 2021 e bases íntegras publicadas na páxina web oficial do Concello (<http://www.monterroso.es/es/blog/bases-seleccion-arquitecto-funcionario-interino-pucc2021-0>).

**SEGUNDO.** Como órgano de selección de persoal, queda suxeito ás normas aplicables en materia de emprego público, concretamente o artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e como órgano colexiado administrativo, aos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**TERCEIRO.** Os membros do Tribunal deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusalos cando concorra algunha de devanditas circunstancias mediante o procedemento sinalado no artigo 24.



CONCELLO DE MONTERROSO  
PROCESO SELECTIVO ARQUITECTO (BOP 09.06.2021)

**2. Acordos para o desenvolvemento do proceso**

En harmonía coa discrecionalidade técnica que a vixente normativa e a xurisprudencia recoñecen aos órganos de selección, por unanimidade acórdase o seguinte:

Considerando que a puntuación resultante do concurso é determinante para a selección e dado que as bases non conteñen previsión algunha para a revisión das valoracións realizadas, o Tribunal acorda que as persoas aspirantes que non estean de acordo coa puntuación obtida poderán reclamar respecto dos resultados da valoración de méritos do concurso provisionais no prazo de tres días hábiles a contar desde o día seguinte ao da data de publicación na páxina web oficial do Concello.

**3. Valoración dos méritos acreditados**

De conformidade co previsto na base 5 da convocatoria, o Tribunal procede á valoración individualizada dos méritos acreditados polas persoas aspirantes nos distintos apartados, co resultado detallado que se recolle na seguinte táboa:

ASPIRANTE	EXPERIENCIA			FORMACIÓN					PUNTOS TOTAL
	AL-1	AL-2	EMPR	T.U.	+200H	+100H	50H.	10H.	
BANHOS MARTINS MARINHA C.	0,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	0,00	5,00	15,00
CORES BARRAL PAULA	0,00	0,00	1,20	0,00	0,00	5,00	0,00	6,00	12,20
DEVEZA PIÑEIRO ISABEL	3,00	1,00	1,76	10,00	0,00	5,00	30,00	10,00	60,76
DIAZ RODRIGUEZ NOARA	0,00	0,00	4,24	0,00	0,00	0,00	10,00	5,00	19,24
FERNANDEZ PERNAS MARIA	0,00	0,00	0,00	0,00	20,00	10,00	10,00	0,00	40,00
LOPEZ ALVAREZ ANA MARIA	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	0,00	10,00
LOPEZ BARREIRO MARÍA ALBA	3,96	10,00	5,00	10,00	20,00	5,00	30,00	10,00	93,96
MORADO CASTRESANA CANDELA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
OTERO OURO ELISA	1,08	0,00	5,00	0,00	10,00	0,00	5,00	5,00	26,08
PEREIRO PEON CARMEN MARIA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	5,00	15,00	0,00	20,00
PEREZ VIÑA DIVINA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3,00	3,00
RIVAS DEL POZO ANA ISABEL	1,44	0,00	1,44	0,00	10,00	0,00	10,00	10,00	32,88
RIVAS RICO ANTONIO IVAN	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	5,00	0,00	4,00	9,00
RUIZ VALENCIA ALBERTO	0,00	0,00	3,20	0,00	10,00	5,00	0,00	2,00	20,20
SANTOS IGLESIAS JOSE CARLOS	1,92	0,00	3,62	0,00	20,00	10,00	30,00	6,00	71,54
SASTRE OTERO MARTIN	0,00	0,00	0,60	10,00	0,00	0,00	0,00	10,00	20,60

**4. Presentación e resolución de eventuais reclamacións.**

En harmonía co acordado por este Tribunal establécese un prazo de reclamacións de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación dos resultados anteriormente transcritos na páxina web do Concello de Monterroso, que deberán ser presentadas no rexistro do

CONCELLO DE MONTERROSO  
PROCESO SELECTIVO ARQUITECTO (BOP 09.06.2021)

Concello, coas formalidades e requisitos establecidos na Lei 39/2015.

Resoltas as eventuais reclamacións procederase a publicar os resultados definitivos e sinalar o día, lugar e hora de celebración da proba de galego para a aspirante que non acreditou documentalmente o nivel mínimo esixido pola normativa en vigor.

Publicaranse os resultados detallados na páxina web do Concello de Monterroso.

Non habendo mais asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión á hora que se indica no encabezamento, asinando os asistentes a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

